I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

15170 *Orde ARM/2553/2011, do 21 de setembro, de corrección de erros da Orde ARM/3369/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo.*

Advertidos erros no texto da Orde ARM/3369/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo, inserida no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega, número 317, do 30 de decembro de 2010, procédese a emendalos mediante a oportuna rectificación:

Na páxina 1, hai que engadir, despois do terceiro parágrafo do preámbulo, o seguinte: «As características das sementes de millo descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do Espazo Europeo en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, coa excepción das distancias mínimas de cultivo, onde se aplicarán as dos respectivos Estados de orixe a partir da certificación que, no caso de Estados terceiros, faga a Comisión Europea tendo en conta as normas da OCDE ou simplemente en aplicación das distancias que regule cada Estado do Espazo Europeo.».

No anexo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo, cada un dos puntos debe ir precedido do número de orde; en consecuencia, na páxina 2, onde di: «Especies suxeitas ao regulamento técnico», debe dicir: «I. Especies suxeitas ao Regulamento técnico»; e onde di: «Categorías de sementes», debe dicir: «II. Categorías de sementes». Na páxina 3, onde di: «Variedades comerciais admisibles á certificación», debe dicir: «III. Variedades comerciais admisibles á certificación»; e onde di: «Produción de semente», debe dicir: «IV. Produción de semente». Na páxina 6, onde di: «Requisitos dos lotes de sementes», debe dicir: «V. Requisitos dos lotes de sementes»; onde di: «Probas de precontrol e poscontrol», debe dicir: «VI. Probas de precontrol e poscontrol»; e onde di: «Produtores de sementes», debe dicir: «VII. Produtores de sementes». Na páxina 7, onde di: «Comercialización», debe dicir: «VIII. Comercialización».

Na segunda liña do punto I. Especies suxeitas ao regulamento técnico da páxina 2, onde di: «Zea mays L.»; debe dicir: «*Zea mays L.*».

Madrid, 21 de setembro de 2011.–A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.